

**Enquisa de condicións de vida das familias. Principais resultados.
Ano 2006**

COMUNICADO

**NO 42,2% DOS FOGARES GALEGOS VIVE UNHA PERSOA
CON UNHA IDADE IGUAL OU SUPERIOR AOS 65 ANOS. A
PROPORCIÓN DE FOGARES CUN MEMBRO POR DEBAIXO
DOS 6 ANOS É CASE CATRO VECES INFERIOR (11,1%)**

**O INGRESO MEDIO MENSUAL DOS FOGARES GALEGOS
SITÚASE EN 1.793 €, O QUE IMPLICA UN AUMENTO REAL
DO 1,7% CON RESPECTO A 2005**

**A QUINTA PARTE DOS FOGARES GALEGOS TEN
HIPOTECADA A VIVENDA E O GASTO EN HIPOTECA
REPRESENTA O 16,2% DO TOTAL DE INGRESOS DAS
FAMILIAS AFECTADAS**

O número medio de persoas por fogar segue descendendo de forma gradual. En 2006 a cifra é de 2,78, por debaixo dos 2,95 membros de 2002.

Só Pontevedra (2,94) supera con claridade a media galega, posto que a cifra da Coruña é practicamente a mesma (2,79). Lugo (2,65) e Ourense (2,48) sitúanse por debaixo.

Por tipos de fogar, cabe sinalar que o 36,7% dos fogares galegos está formado por unha parella con fillos, o 19,9% por unha parella sen fillos e o 18,7% son unipersoais.

Pontevedra rexistra a maior fracción (40,3%) de fogares constituídos por unha parella con fillos, mentres que Lugo presenta a menor, dez puntos porcentuais por debaixo da cifra anterior. Ourense (23,5%) é a provincia cunha maior proporción de fogares formados por unha parella sen fillos, sendo Lugo a provincia con menor peso deste tipo de fogar (17,8%). Por outro lado, Lugo é onde os fogares unipersoais teñen unha maior relevancia (24,8%), e Pontevedra a menor (14,5%).

Tipoloxía do fogar. Ano 2006

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Unipersoal	18,5	24,8	23,3	14,5	18,7
Sen núcleo	2,1	2,5	2,7	2,1	2,2
Parella con fillos	36,9	30,3	33,9	40,3	36,7
- Con fillos < 16 anos	18,0	12,0	14,8	21,2	17,8
Parella sen fillos	19,1	17,8	23,5	20,2	19,9
Monoparental	9,4	10,1	7,7	9,0	9,2
- Ata 50 anos	2,7	2,4	1,4	2,5	2,4
Un núcleo e outros	9,2	8,0	7,2	8,5	8,6
Varios núcleos	4,8	6,6	1,8	5,4	4,8

No 42,2% dos fogares galegos vive algunha persoa de 65 ou máis anos.

Con respecto a anos anteriores, en 2006 prodúcese un certo descenso relativo dos fogares con algunha persoa de 65 ou máis anos. Por provincias, Lugo, cun 52,0%, presenta a maior proporción, mentres que Pontevedra, cun 37,5%, ten a menor.

Fogares con algún membro de 65 ou máis anos

	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	43,4	42,2	42,5	41,6	40,6
Lugo	54,9	54,0	53,8	52,1	52,0
Ourense	53,0	52,1	49,6	50,3	48,5
Pontevedra	40,4	39,5	38,3	38,2	37,5
Galicia	45,4	44,3	43,7	43,1	42,2

Tamén se reduce lixeiramente a porcentaxe de fogares con todos os membros de 65 ou máis anos, que para Galicia en 2006 é do 20,4%.

Fogares con todos os membros de 65 ou máis anos

	2002	2003	2004	2005	2006
Galicia	21,4	21,2	20,8	21,0	20,4


No 75,2% dos fogares galegos non vive ningún menor de 16 anos e no 88,9% non vive ningún menor de 6 anos.

A porcentaxe de fogares galegos nos que non vive ningún menor de 16 anos aumenta lixeiramente respecto do ano pasado, que era do 74,4%; Ourense presenta a maior fracción, cun 81,3%, mentres que Pontevedra ten a menor (71,1%). A porción de fogares sen menores de 6 anos permanece máis estable, volvendo ocupar as ditas provincias as posicións extremas: Ourense (92,4%) e Pontevedra (86,1%).

Fogares sen menores de 16 anos					
	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	73,0	74,3	75,2	74,5	74,9
Lugo	76,5	76,6	78,1	79,5	80,1
Ourense	79,2	77,9	80,2	79,4	81,3
Pontevedra	69,4	70,7	70,1	69,9	71,1
Galicia	73,2	74,0	74,7	74,4	75,2

En 2006 a porcentaxe de mozos galegos de 18 a 24 anos que viven cos pais é do 93,1% para os homes e do 87,2% para as mulleres. No seguinte tramo de idade, de 25 a 34 anos, as ditas porcentaxes baixan ata o 55,6% e o 47,7% para homes e mulleres, respectivamente.

Por outro lado, a mocidade galega que vive cos pais tende a diminuír, tanto en homes como mulleres, como nos dous grupos de idade mencionados.



No primeiro grupo de idade (de 18 a 24 anos), os ocupados superan claramente aos estudantes no caso dos homes, ocorrendo xustamente o contrario no caso das mulleres. No segundo estrato (de 25 a 34 anos), os ocupados pasan a ser unha fracción amplamente maioritaria, representando preto do 75% nos homes e do 70% das mulleres.

A porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia para o ano 2006 é do 1,91%.

Trátase aínda dun montante relativo de pequena contía pero que se triplicou nun cuadrienio.

Evolución da poboación estranxeira

	2002	2006
Porcentaxe	0,69	1,91

O ingreso medio mensual dos fogares galegos é de 1.793 € en 2006, o que supón un crecemento nominal do 5,3% con respecto a 2005.


Por provincias, o maior ingreso dáse na Coruña con 1.881 € e o menor en Ourense con 1.470 €, mentres que o de Pontevedra se sitúa en 1.870 € e o de Lugo en 1.668 €. Todas as provincias experimentan subidas con respecto a 2005.

Ingreso medio mensual por fogar

	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	1.480	1.627	1.639	1.776	1.881
Lugo	1.366	1.486	1.544	1.610	1.668
Ourense	1.290	1.259	1.350	1.465	1.470
Pontevedra	1.540	1.674	1.693	1.752	1.870
Galicia	1.457	1.571	1.603	1.703	1.793

O 19,6% dos ingresos do traballo no ano 2006 provén do grupo de actividade Industria e enerxía, seguido moi de preto por Comercio e hostalaría cun 18,9%. En terceiro lugar, sitúase Educación e sanidade, que suma un 16,8%.

No caso das mulleres, a maior achega provén de Educación e sanidade, cun 30,0%, seguido por Comercio e hostalaría, cun 22,4%. No caso dos homes, a maior porcentaxe de ingresos corresponden a Industria e enerxía, cun 23,8%, seguido por Comercio e hostalaría (16,8%) e por Construción (16,0%).



O 27,7% dos ingresos dos galegos son procedentes de prestacións sociais.

Proporción que alcanza un máximo na provincia de Ourense cun 33,7%, mentres que Pontevedra presenta a mínima cun 24,1%.

No tocante aos ingresos procedentes do traballo, estes representan o 70,1% do total: un 57,3% do traballo asalariado máis un 12,8% do traballo por conta propia. Pontevedra presenta a maior contribución dos ingresos orixinados polo factor traballo (73,7%), coas cifras máis elevadas nas súas dúas compoñentes. En Lugo e Ourense as prestacións sociais –compostas basicamente por pensións- representan a terceira parte do total de ingresos familiares.

Estrutura de ingresos. Ano 2006					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Traballo conta allea	57,7	50,8	54,4	60,2	57,3
Traballo conta propia	12,5	13,0	11,2	13,5	12,8
Prestacións	27,3	33,5	33,7	24,1	27,7
Rendas e outros ingresos	2,4	2,6	0,8	2,3	2,2
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

A proporción de fogares galegos que están baixo o limiar de pobreza RELATIVA sitúase nun 9,8%.

A pobreza é un concepto de carácter relativo: trátase da proporción de fogares que se sitúa por debaixo dun determinado nivel de ingresos, que se fixa de forma arbitraria de acordo con certas directrices internacionais. Obviamente, o limiar depende do número de persoas do fogar, concretamente en 2006 os niveis son os seguintes: 467 € nos compostos por unha persoa; 660 € nos formados por dúas persoas; 809 € nos integrados por tres persoas... Trátase, ademais, dun nivel estritamente monetario, que non ten en conta importantes aspectos do nivel e das condicións de vida das familias como, por exemplo, a vivenda en propiedade ou o autoconsumo, que en certas zonas da Galicia rural desempeñan un importante papel.

Ao adoptar como referencia un determinado nivel para o conxunto de Galicia, van ser as provincias con menor renda as que teñan unha maior proporción de fogares por debaixo dos correspondentes limiares. Así, Ourense ten a maior fracción (15,3%) e A Coruña, cun 8,5%, a máis baixa. Lugo presenta un 9,6% dos fogares baixo o limiar e Pontevedra un 9,4%.

Os fogares galegos que superan os limiares citados posúen un ingreso medio de 1.933 €, cifra que baixa a 510 € nos fogares que se sitúan por debaixo.

Por outra parte, a estrutura dos ingresos varía substancialmente dependendo de se o fogar se sitúa por debaixo ou por encima de tales limiares. Nos fogares sobre o limiar, os ingresos do traballo representan o 71,1% do total, descendendo a un 26,7% a contribución das prestacións sociais. Pola contra, nos fogares por debaixo do limiar os ingresos do traballo só aportan o 33,7% do total, subindo a participación das prestacións sociais a un 62,5%.

Afondando nestes aspectos distributivos, cabe engadir que o 20% da poboación con menores ingresos absorbe o 6,8% da renda familiar galega, mentres que a participación do 20% da poboación con maiores ingresos se eleva a un 39,6%. A chamada razón de Kuznets, que non é máis que o cociente entre a segunda e a primeira das dúas porcentaxes anteriores, descendeu de 6,00 en 2002 a un 5,82 en 2006, amosando pois unha leve mellora da distribución da renda entre a poboación galega.

A porcentaxe dos fogares galegos con gasto en alugueiro e en hipoteca aumenta no ano 2006.

As dúas terceiras partes dos fogares galegos habitan unha vivenda en réxime de propiedade sen hipoteca. Polo tanto, tanto o alugueiro como a vivenda en propiedade con hipoteca son minoritarios. O 9,9% dos fogares galegos teñen gasto en alugueiro en 2006 fronte ao 8,4% de 2005. A porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca é do 20,7% para 2006 fronte ao 17,7% en 2005. Polo tanto, en 2006, a proporción de fogares

galegos con vivenda en hipoteca duplica a correspondente á dos fogares en réxime de alugueiro.

Fogares con gasto en alugueiro e hipoteca					
	2002	2003	2004	2005	2006
Alugueiro	10,0	9,4	9,5	8,4	9,9
Hipoteca	15,5	16,6	17,8	17,7	20,7

En 2006, o gasto medio mensual do fogar en alugueiro é de 228 €, subindo a 362 euros a carga media da hipoteca (amortización máis intereses). O gasto en hipoteca por parte dos fogares afectados é dun 16,2% do total dos ingresos familiares en 2006, o que supón unha cifra practicamente igual á de 2002. O gasto en alugueiro dos fogares afectados equivale ao 15,2% do total de ingresos, significativamente superior ao 12,7% de 2002.

Gasto medio do fogar en alugueiro e hipoteca					
	2002	2003	2004	2005	2006
Alugueiro	172	182	194	219	228
Hipoteca	318	347	332	327	362

Para máis información:

Publicacións relacionadas

Enquisa de condicións de vida das familias. Principais resultados. Ano 2006 (próxima publicación)

Enquisa de condicións de vida das familias. Ocio e hábitos culturais. Ano 2006 (próxima publicación)

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en: <http://www.ige.eu>